
**PREGO DE CONDICIÓN ADMINISTRATIVAS E ECONÓMICAS PARA A
CONTRATACIÓN DE SERVICIOS POLA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTIÓN
CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA PARA A LOCALIZACIÓN DO
OPENOFFICE AO GALEGO
SETEMBRO-2005**

1. CONDICIÓN

1.1.OBXECTO

O obxecto desta petición de oferta é a contratación de servizos necesarios, para realizar a localización ao galego da interface gráfica de usuarios e axudas do paquete ofimático OpenOffice.

A adxudicación levaráse a cabo despois de analizar as distintas proposicións e coas reservas seguintes:

- I) O adxudicante reservase o dereito a non adxudicar a ningún dos ofertantes.
- II) O adxudicante reservase o dereito de realizar a adxudicación de forma provisional a fin de que lle sexa posible concertar co adxudicatario condicións máis favorables que as incluídas na proposta.

O importe máximo dos servizos solicitados é de 140.000 Euros (cento corenta mil euros) incluídos todos os impostos, taxas e demais gastos.

1.2 CONTRATO

1.2.1. Réxime xurídico e natureza do contrato

O presente proceso de adxudicación rematará coa formalización do contrato de prestación de servizos.

O presente proceso de adxudicación réxese por estes pregos, o contrato e, en canto aos trámites de preparación e adxudicación, pola Ley de Contratos de las Administraciones Públicas, aprobada polo RDL 2/2000.

1.2.2. Alteración e prórroga dos contratos

Calquera alteración e prórroga a introducir nos contratos será obxecto de acordo previo entre as partes.

1.2.3. Rescisión do contrato e adquisición

O adxudicante poderá rescindir o contrato nos casos que a continuación se indican:

- I) Retraso na entrega dos servizos comprometidos por un período superior a trinta días en relación coas datas que se indican no contrato.
- II) Incumprimento ou cumprimento defectuoso do contrato, o que deberá ser previamente comprobado por unha comisión arbitral.

1.3. PROPOSICIÓNS

1.3.1. Entrega das proposicións

- I) As proposicións deberán ser entregadas antes das 14:00 do día 5 de outubro de 2005, no enderezo da *Sociedade Anónima Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (S.A.X. CESGA)*, na Avenida de Vigo, s/n, 15705 Santiago de Compostela.
- II) Se o envío se fai por correo ou calqueira outro medio, o proponente é o único responsable polos retrasos na entrega que poideran ocorrer, non podendo presentar reclamación algunha se a entrega dos documentos ten lugar despois de rematado o prazo antes mencionado.

1.3.2. Prazo de validez das proposicións

As propostas deberán ter validez por un prazo mínimo de 30 días. Se no período de tempo existente entre a presentación da oferta e a adxudicación existisen, por cambios nas condicións de mercado, melloras tecnolóxicas ou de prezos nos produtos ou servizos ofertados, éstas deberán modificar de xeito automático a oferta presentada, e deberán ser comunicadas por escrito.

1.3.3. Formas das proposicións

1.3.3.1.- Condicións Xerais

As proposicións serán presentadas en galego ou castelán.

Tódolos prezos indicados deberán expresarse en Euros e incluír todos os impostos e taxas que correspondan.

A presentación das proposicións deberá corresponder ao estipulado nos parágrafos seguintes.

1.3.3.2.- Proposta de Servizos

A proposición de servizos presentaráse en único sobre que deberá identificarse coa etiqueta:

OFERTA PARA A CONTRATACIÓN DE SERVIZOS NECESARIOS
PARA A LOCALIZACIÓN DO OPENOFFICE AO GALEGO-
SETEMBRO-2005

Contido do sobre:

- Nome do proponente.
- Valor global da proposición de servizos.
- Memoria descritiva da oferta, incluíndo a metodoloxía proposta para a realización dos traballos.
- Plan de traballo para un calendario de actuacións, cos seus correspondentes entregables, según o seguinte modelo: Obxectivo, tarefa, prazo de execución da tarefa, produto a entregar e data de entrega.

Descrición da empresa e perfil dos profesionais que desenvolverán os traballos. Capacidade de produción da empresa.

- Experiencia previa demostrable na realización de traballos similares.
- Oferta económica co detalle correspondente ás fases do calendario de traballo proposto.
- Proposicións adicionais para o desenvolvemento do proxecto.

Poderá incluírse neste sobre calquera outra información que aporte datos sobre a capacidade da empresa para a realización dos traballos obxecto do presente concurso.

1.3.5 Apertura de Proposicións

Terá lugar na sede social da Sociedade Anónima Xestión CESGA, sita en Avenida de Vigo, s/n, 15705 Santiago de Compostela, ás 10,00 horas, o día 7 de outubro de 2005, procedéndose en dito acto á lectura dos datos solicitados no sobre identificado como "Sobre A".

1.3.5 Aporte de información dos ofertantes

Os proponentes quedan obrigados a prestar todas as aclaracións que o adxudicante considere oportunas.

1.4 CONDICIÓNS ECONÓMICAS

1.4.1. Condicións da contratación

1.4.1.1.- Prestación do servizo

Formalizado o correspondente contrato, o pago efectuaráse do seguinte modo:

- FASE I.- O 15 de decembro de 2005. Entrega de localización da Interface: 102.000 euros (cento dous mil euros) IVE incluído.
- FASE II.- O 15 de marzo de 2006. Entrega da localización de axudas: 38.000 euros (trinta e oito mil euros) IVE incluído.

O pago efectuarase 90 días despois da presentación da correspondente factura.

1.4.1.2.- Outras condicións

Os gastos inherentes á elaboración e sinatura do contrato, serán por conta do adxudicatario.

1.5. ACEPTACIÓN.

Defínese a aceptación do servizo como a data de notificación polo adxudicatario do servizo cuxo desenvolvemento se contrata, de que se atopa concluído e recibe a aceptación da S.A.X. CESGA

1.6. PRAZO DE ENTREGA.

- Fase I: 15 de decembro de 2005.
- Fase II: 15 de marzo de 2006.

1.7. PENALIZACIÓNS.

- I) Nos casos de retraso na entrega dos servizos contratados por razóns imputables ao adxudicatario que non resulten de causas de forza maior será aplicada unha penalización dun 2 % do importe total do contrato por cada semana ou fracción de atraso.
- II) Cando xurdan casos de forza maior que poidan determinar un alongamento na data de entrega, o adxudicatario, debe solicitar por escrito, autorización do adxudicante para entregar o resultado despois desa data, indicando unha nova data de entrega e expoñendo os motivos que o obrigan a elo. A nova data de entrega será aceptada polo adxudicante no caso de que non exceda en máis de 15 días a data orixinal. En caso contrario, o adxudicante ten a facultade de aceptar a nova data ou rescindir o contrato.
- III) Os materiais ou servizos rexeitados na recepción serán considerados a todos os efectos como non entregados. Os materiais rexeitados serán notificados ao subministrador do servizo e a retirada destes será feita por conta e risco do subministrador; entendéndose que excedido o prazo de 15 días con respecto á notificación pasarán a poder do adxudicante como material non útil.
- IV) No caso de rescisión de contrato, por razóns de forza maior u outras, imputables ao adxudicatario, o adxudicante terá dereito a recibir o pago dunha penalización calculada dacordo co tipo de interese preferencial definido polo Banco de España na data de rescisión e con efecto sobre os pagos realizados.

1.8. LEXISLACIÓN E FOROS COMPETENTES

Para a resolución dos conflitos que poidan xurdir na aplicación ou interpretación do contrato, ambas as dúas partes declaran someterse ao sistema arbitral de consumo, aceptando as normas reguladoras deste sistema recollidas no Real Decreto 636/1993, de 3 de maio.

1.9. PROPOSICIÓNS ALTERNATIVAS

Serán aceptables proposicións alternativas sempre que se respecten as condicións obrigatorias deste prego de condicións.

1.10 ACLARACIÓN AOS OFERTANTES

Os ofertantes poderán solicitar aclaracións adicionais, por escrito, ao Director da S.A.X. CESGA, Avenida de Vigo s/n, 15705 Santiago de Compostela, Teléfono: (981) 569810, Fax: (981) 594616.

2. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

A S.A.X. CESGA fundamentarase nos seguintes criterios para a selección da empresa adxudicataria:

Criterio	
Metodoloxía do traballo da proposta técnica	10%
Curriculum do equipo técnico asignado ao proxecto e participación do mesmo en proxectos similares	30%
Medios materiais e experiencia da empresa na localización de software de proxectos similares	40%
Melloras propostas relacionadas co servizo	10%
Valoración da oferta económica	10%
TOTAL	100%

3. FORMA DE PAGO.

O pago realizarase mediante talón nominativo ou transferencia a elección do adxudicante, conforme ao estipulado no punto 1.4.1.1. deste Prego.

**PREGO DE CONDICIÓN TÉCNICAS PARA A
CONTRATACIÓN DE SERVIZOS POLA SOCIEDADE ANÓNIMA XESTIÓN
CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA PARA A LOCALIZACIÓN DO
OPENOFFICE AO GALEGO
SETEMBRO-2005**

1. INTRODUCCIÓN

A Sociedade Anónima Xestión Centro de Supercomputación de Galicia (S.A.X. CESGA), en colaboración coa Dirección Xeral de Promoción Industrial e Sociedade da Información da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, lanzou recentemente un proxecto que pretende contribuir ao desenvolvemento e implantación do software libre nas diversas modalidades e facetas no contexto dunha acción estratéxica a levar a cabo en Galicia, durante os vindeiros anos e, como consecuencia, contribuir á dinamización da implantación da Sociedade da Información en Galicia.

Por todo isto, dende o proxecto ao que se fai mención, tratase de asegurar unha utilidade práctica, tanto para as institucións destinatarias destas ferramentas coma para os posibles provedores que poidan ofertar solucións utilizando estas ferramentas.

2.- OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto da presente contratación é a localización ao galego de toda a interface gráfica de usuario e da axuda do paquete ofimático OpenOffice.org.

3.- ESPECIFICACIÓNS TÉCNICAS

As características técnicas ás que se deberán axustar, como mínimo, os traballos do presente contrato serán as seguintes:

- Tradución da interface: o volume aproximado de palabras é de 85.000.
- Tradución da axuda: o volume aproximado de palabras é de 435.000.
- As traducións estarán baseadas na normativa oficial da lingua galega actualmente vixente que se rexe polas Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego publicadas pola Real Academia Galega en decembro de 2003 (décimo oitava edición).
- Testing da tradución: será de obrigado cumprimento realizar un teste da tradución realizado e validado.
- Redimensionamento de xanelas e comprobación de hotkeys: as cadeas de tradución deberán axustarse estritamente ao espazo indicado nas xanelas. Tamén é obrigatorio a compatibilidade de hotkeys dentro de cada un dos programas do paquete ofimático.
- Tradución de material complementario.

4.- OUTRAS CONDICIÓNS

A propiedade dos datos e análise realizados será exclusiva da S.A.X. *CESGA*, que poderá cedelos a outras institucións públicas para o seu uso posterior así como difundilos a través de calquera medio sen autorización nin comunicación previa á empresa contratada. A empresa contratada non poderá facer uso dos produtos que se obteñan sen o consentimento escrito expreso da S.A.X. *CESGA*.